

Biblioteca Escolar, centro de recursos da información. Biblioteca e currículo.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2013

*Cristina Novoa
crisnova@gmail.com*



... “acelerador de innovación”



As bibliotecas
activas crean
**contextos
fértils** para a
adquisición de
habilidades e
competencias
básicas

Bibliotecas escolares en
Galicia

Documentos de referencia



*As bibliotecas escolares que se precisan na actualidade son **centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: “entornos” educativos** específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e **facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares**, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa. Marco de referencia para las bibliotecas escolares. Ministerio de Educación (2011)*

Ámbitos de actuación: Programas para a adquisición da competencia informacional.

*O papel da biblioteca escolar neste ámbito sería o de **dispoñer** os recursos de forma efectiva; **orientar** na súa utilización; **deseñar** xunto co resto do profesorado **programas de formación** na busca, selección e uso das fontes informativas e o traballo documental; **apoiar** propostas de **proxectos interdisciplinares** que favorezan o uso dos recursos informativos e a elaboración de **traballos de investigación documental**, e **axudar** ao profesorado a que desde as súas respectivas materias reforce estas aprendizaxes.*

Marco de referencia para las bibliotecas escolares. Ministerio de Educación (2011)

Tratamento da información e competencia dixital

- Esta competencia está asociada coa **busca, selección, rexistro e tratamento ou análise da información**, empregando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á que se acoda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).
- Require o **dominio de linguaxes específicas básicas** (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de codificación e transferencia, así como **aplicar en distintas situacións e contexto o coñecemento dos diferentes tipos de información**, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes nos que esta acostuma expresarse (LOE, 2006, Anexo I)

Guía de autoavaliación. D5 (Competencia dixital, en información e para aprender a aprender)

D5

Competencia dixital, en información e para aprender a aprender

Valóranse as accións da biblioteca en relación coa alfabetización dixital (que comprende tanto a alfabetización multimedia como en TIC) e a alfabetización en información. Incorpóranse, así mesmo, as accións orientadas a que os alumnos aprendan a xestionar e a regular os propios procesos de aprendizaxe

Como o estamos facendo?

	DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
	A biblioteca non realiza ningunha acción específica.	A biblioteca realiza accións de maneira esporádica. Ante demandas concretas, a biblioteca orienta os estudantes en distintas necesidades de información e axuda a precisar os obxectivos de aprendizaxe e/ou investigación. Nestes procesos está integrado o uso dalgunhas ferramentas dixitais, especificamente para a procura de recursos.	Existe unha oferta de actividades desde a biblioteca que cobre varios dos obxectivos e contidos do currículo. Ademais de atender a demandas concretas, incídese nos procesos de procura, selección e análise crítica da información (mediante actividades, recursos, talleres...). Está integrado o uso de ferramentas dixitais que axudan a xestionar o traballo persoal do alumno (procuras, plan de traballo, borradores...).	Existe un programa articulado e graduado, con obxectivos e propostas por niveis. Acórdase o papel da biblioteca en coordinación co equipo docente. Prepáranse materiais de formación. Incídese en todos os procesos relacionados coa obtención de información, a transformación e a comunicación. Está integrado o uso de ferramentas dixitais que axudan a xestionar o traballo persoal do alumno. Ademais do uso de ferramentas dixitais para a procura, empréganse servizos RSS ou a etiquetaxe de recursos con marcadores sociais. Así mesmo, empréganse ferramentas dixitais de presentación (procesadores de textos, presentacións multimedia, web...) e para o traballo en colaboración (blogs, wikis, xestores de textos en colaboración...).
D51	Implicación no desenvolvemento das competencias			

Guía de autoavaliación. D5 (Competencia dixital, en información e para aprender a aprender)

Preguntas guía		SI	NON
1.	A biblioteca realiza accións orientadas a apoiar o desenvolvemento da competencia dixital, en información e para aprender a aprender?		
2.	A biblioteca e o centro entenden que este é un labor da biblioteca, en colaboración co equipo docente?		
3.	Ante demandas concretas, a biblioteca atende diversas necesidades de información e trata de axudar a perfilar o obxectivo de aprendizaxe e/ou investigación?		
4.	A biblioteca forma en estratexias de procura, selección e análise crítica da información (propón actividades, proporciona recursos, programa algún taller...)?		
5.	Estas accións organízanse nun programa articulado, con obxectivos e propostas diferenciados por niveis?		
6.	Prepáranse materiais de formación específicos?		
7.	Nos procesos de procura e selección de recursos que se ensinan aos alumnos, intégranse ferramentas dixitais (buscadores, arquivo de favoritos...)?		
8.	Na procura e selección de recursos, ensínase a empregar servizos RSS ou a etiquetaxe con marcadores sociais (Delicious, Diigo etc.)?		
9.	Ensínase a utilizar ferramentas dixitais para xestionar o traballo persoal (elaborar e seguir un plan de traballo, archivar borradores...)?		

Preguntas guía		SI	NON
10.	Ofrécense instrumentos dixitais para o traballo en colaboración (blogs, wikis, ferramentas para a produción e xestión de textos en colaboración...)?		
11.	Ensínanse formas de presentación da información con distintas ferramentas dixitais (presentacións multimedia, procesadores de textos, web...)?		
12.	Incídese en estratexias que lles axuden aos alumnos a xestionar os propios procesos de aprendizaxe (por exemplo, facer e seguir un plan de traballo, avaliar os pasos que se dan, analizar problemas e dificultades no proceso, formalizar que e como se aprendeu algo...)?		
13.	Ofrécense programas de formación en relación coa información e as bibliotecas de maneira diferenciada, para estudantes e docentes?		
14.	Realízanse propostas adaptadas para distintos ciclos e niveis?		
15.	No caso de que o centro dispoña dun Plan de TIC, a biblioteca ten algunha participación?		
16.	Colaborou na fase de preparación do Plan de TIC?		
17.	Coordináronse os obxectivos e as accións que comparte o Plan de TIC co da biblioteca?		
18.	Achéganse recursos para o desenvolvemento do Plan de TIC?		
19.	Colabórase na execución do Plan de TIC mediante o programa de formación no uso da información?		
20.	Participa a biblioteca na avaliación do Plan de TIC, achegando datos (prácticas de estudantes en relación coa información, valoracións do alumnado e do profesorado)?		



A biblioteca escolar, unha *biblioteca específica*

- Dar resposta ás demandas de profesorado, alumnado e familias, en materia de **lectura** e de **información**:
 - Finalidades distintas
 - Soportes variados
 - Contidos diversificados
- Durante os procesos de ensinanza (profesorado)
- Durante os procesos de aprendizaxe (alumnado)
- Interese ou curiosidade por acceder aos recursos culturais (calquera membro da comunidade escolar).



Vídeo
Leer.es

Biblioteca escolar, factor de compensación social



- Acheega os recursos culturais a todos por igual.
- Propicia experiencias integradoras
- É un espazo de convivencia



Biblioteca escolar

- Espazo de convivencia e cidadanía
- Apoio curricular
- Proxectos e plans de lectura
- Programas ALFIN-AMI (para a competencia informacional e mediática)
- Apoio a programas e proxectos de centro
- Extensión cultural
- Compensación de desigualdades
- Difusión de recursos e servizos
- Implicación das familias

Bitácoras, blogues....



- Presenza na Rede
 - Fiestras abertas cara ao interior das bibliotecas
 - Fiestras cara ao exterior: difusión das actividades
 - ***BIBLIOTECA DIXITAL***: recursos electrónicos propios ou alleos ao servizo da comunidade escolar
-
- BIBLIOTECA DO COLE: CEIP Quintela (Moaña, Pontevedra)
 - O RECANTO DE MIK: CEIP Mestres Goldar (Vigo, Pontevedra)
 - RAIOTECA: CEIP Andrade (Pontedeume, A Coruña)
 - BEMILLADOIRO: CEIP Milladoiro (Malpica, A Coruña)
 - LECTURO LITERATURO: CPI O Progreso (Catoira, Pontevedra)
 - O SEGREL DO PENEDO: IES de Fene (Fene, A Coruña)
 - MESTURAS: IES Sánchez Cantón (Pontevedra)

Bitácoras, blogs....



Difusión de propuestas, actividades, proxectos interdisciplinares...

- ETIKELES: IES de Porto do Son (Porto do Son, A Coruña)
- CASTRO DE BARONCELI (Verín, Ourense)
- BIBLIOCABE: IES Río Cabe (Monforte de Lemos, Lugo)
- AS MARIÑAS: IES As Mariñas (Betanzos, A Coruña)
- PASAPÁXINA: CEIP José Cornide Saavedra (A Coruña)
- SALCEDOTECA: CEIP San Martiño (Pontevedra)
- O LAR DE FRIANCIÑO: CEIP Frián-Teis (Vigo, Pontevedra)

A biblioteca apoia proxectos do centro



Vídeo Leer.es

Algunhas boas experiencias



- CEIP a Sangriña, A Guarda: proxecto “Coñece o teu pobo”
- CEIP de Leirado, Salvaterra de Miño: proxecto “Olería tradicional”
- CEIP José Cornide Saavedra, A Coruña: proxecto “Do teu verdor”
- CEIP Frián-Teis, Vigo. Plan anual de lectura 12/13. Proxecto “A lingua sabe a pan”
- CPI Manuel Suárez Marquier, O Rosal. Proxecto “Eu vivo aquí”

Traballos de investigación en contexto escolar

Aurora La Cueva (Revista de Educación, nº 323.

Ministerio de Educación, 2000)



Son traballos de investigación se cumpren estes requisitos:

- Parten dunha pregunta, dunha inquietude, dun reto que os alumnos deciden ou escollen entre unha relación que lles ofrece a escola, (suficientemente ampla).
- Esixen para resolver esta pregunta ou reto dunha indagación, que os estudantes planifican con axuda do educador e que implica varias semanas de labor.
- Esta indagación normalmente abrangue: momentos de documentación e outros de investigación empírica dalgún tipo.
- O traballo fuctifica en produtos que se presentan ou comunican a outros.

Asesoría de bibliotecas escolares

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bibliotecas
escolares
de Galicia

b ga

Guía de recursos Portal educativo Web Bibliotecas Escolares

+ Info Último

Bibliotecas

- Actualidade
- ALFIN
- Banco de experiencias
- Bibliotecas escolares
- Documentos de referencia
- Fomento da lectura
 - Hora de ler
 - Ler en mancomún
 - Libros a oito
 - Rede Lectura
- Infantil e primaria
- Secundaria
- Xestión técnica

Libro-Videoteca

- Bibliotecas escolares de Galicia
- Videos dos centros
- Xornadas-Encontros

Plan de mellora de bibliotecas escolares

2006/2007

Materials IV Xornadas de Bibliotecas Escolares de Galicia

 Bibliotecas escolares



Desde a Aula Virtual do CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación) pódese acceder xa aos materiais das **IV Xornadas de Bibliotecas Escolares de Galicia**, celebradas en Santiago de Compostela os pasados 9 e 10 de novembro. Estes materiais completaranse en breve, unha vez editados os vídeos correspondentes ás diferentes sesións, así como o vídeo resume da xornada. **ACCESO** aberto (entrar como convidado).

Engadimos desde aquí informacións complementarias e enlaces relacionados coa temática das xornadas, **LER PARA VER**, relativa á formación para a **competencia mediática e informacional**, co apoio dos recursos da biblioteca escolar.

- *Currículo para profesores en materia de Alfabetización Mediática e Informacional. UNESCO 2012*
- *Manual sobre competencia informacional e mediática. UNESCO 2012 (inglés)*
- *"Declaración de Moscú a favor da alfabetización informacional e mediática. UNESCO"*
- *Rede de Cátedras UNESCO para a promoción da MIL (Media and Information Literacy)*
- *"Resumo estudo sobre alfabetización en Europa. Comisión Europea de Educación. 2012"*
- *La competencia informacional la enseñanza obligatoria... Ana Blasco/Glòria Durban*
- *Programas para el desarrollo de la competencia informacional... Glòria Durban, Ana Cid, José García*
- *Informe APEI 2010 sobre Alfabetización Informacional. Antoni Calderón.*
- *Programa europeo Emedus, para a educación para os medios. Emedus.org*
- *Vídeo: recomendacións do grupo Emedus sobre políticas públicas de Educación mediática.*
- *Bibliotecas cotarelo Cine. Bloque de cine da biblioteca do IES Armando Cotarelo Valedor, de Vilagarcía de Arousa*


Ligazóns B.E.

- Abareque-Educatur
- B.E. de Málaga
- B.E. de Navarra
- Biblioteca escolar: PUNTEU
- Biblioteca Escolar Digital
- Bibliotecas /CRA de Chile
- Bibliotecas escolares - Extremadura
- Bibliotecas escolares Cantabria
- Bibliotecas Escolares Comunidad de Madrid
- Bibliotecas Escolares de Aragón
- Bibliotecas Escolares Históricas
- Biblioteques Escolars IB
- Educacyl - Fomento de la lectura
- IASL
- Libro Abierto
- MEC-Bibliotecas Escolares
- Pinakes
- Plan de Lectura de ICCM

Sitios web de apoio



<http://redelectura.blogspot.com>



<http://librosaeito.blogspot.com>



<http://lerenmancomun.blogspot.com>



<http://www.scoop.it/t/bibliotecas-escolares-de-galicia>



La biblioteca escolar no es una panacea, pero sí una promesa. Aviva una esperanza y esboza una alternativa a las frustraciones actuales.

Juan Mata



Grazas!

crisnovoa@gmail.com



Cita:

Moitos rapaces non dispoñen dun lugar tranquilo e motivador para a lectura, máis aló da aula. Por ilo, mesmo cando todos os fondos estean dixitalizados e todos os alumnos teñan portátil, será necesario ofrecer un espazo para resolver esta situación: con wifi de velocidade e capacidade suficientes, enchufes para cargar as máquinas, escáneres para dixitalizar, asesores para resolver dúbidas, programas informáticos máis sofisticados ca os cotiás, etc. Dotar as bibliotecas escolares con recursos máis sofisticados ca os correntes (pantallas máis grandes, ordenadores máis rápidos, programas de edición de vídeo e audio, etc.), pode resultar útil para atraer e fidelizar os lectores e para mediar e compensar aos usuarios que teñen menos posibilidades nos sesu fogares.

Hacia la ciudadanía letrada del siglo XXI (con las bibliotecas escolares).
Daniel Cassany. Libro Abierto. Consejería de Educación. Andalucía

